



1. Identificación da programación

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36013448	Manuel Antonio	Vigo	2024/2025

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
TCP	Téxtil, confección e pel	CMTCP01	Confección e moda	Ciclos formativos de grao medio	Réxime de proba libre

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0267	Corte de materiais	2024/2025	0	213	0

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	ANA VELOSO AMOEDO,LIDIA POZA PIÑEIRO,RAQUEL ÁLVAREZ GONZÁLEZ,VÍCTOR ALFONSO VARELA LÓPEZ (Subst.)
Outro profesorado	AROA VEIGA DA ROCHA

Estado: Pendente de supervisión inspector



2. Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación

2.1. Primeira parte da proba

2.1.1. Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultados de aprendizaxe do currículo
RA1 - Realiza marcadas de tecidos, peles e outros materiais para o corte, tendo en conta a relación entre a disposición de patróns e a optimización.
RA3 - Corta pezas tecidas, pel e outros materiais, e xustifica a técnica seleccionada en función do produto.
RA4 - Cumpre as normas de prevención de riscos laborais e ambientais no corte de pezas, e identifica os riscos asociados e as medidas de prevención.

2.1.2. Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos resultados de aprendizaxe por parte do alumnado

Criterios de avaliación do currículo
CA1.1 Analizouse o comportamento no corte de tecidos, peles e outros materiais.
CA1.2 Clasificáronse e describíronse as tolerancias dos materiais.
CA1.6 Realizouse a marcaxe sobre pel consonte as normas esixidas de calidade.
CA3.2 Seleccionouse o sistema de corte consonte as indicacións técnicas.
CA3.3 Enumeráronse os parámetros que haxa que controlar na operación de corte para evitar desviacións.
CA3.4 Identificouse a secuencia de acordo coa información técnica, o tipo e a cantidade de compoñentes do artigo.
CA3.8 Identificáronse os documentos das operacións de corte.
CA4.1 Identificáronse os riscos e o nivel de perigo que supón a manipulación de materiais, ferramentas, útiles e máquinas de corte.
CA4.3 Identificáronse as causas máis frecuentes de accidentes na manipulación de materiais, ferramentas e máquinas de corte.



Criterios de avaliación do currículo
CA4.4 Describíronse as medidas de seguridade e de protección persoal que cumpra adoptar na preparación e na execución das operacións de corte.
CA4.5 Relacionouse a manipulación de materiais, ferramentas e máquinas de corte coas medidas de seguridade e protección persoal requiridas.
CA4.6 Identificáronse as posibles fontes de contaminación ambiental.

2.2. Segunda parte da proba

2.2.1. Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultados de aprendizaxe do currículo
RA1 - Realiza marcadas de tecidos, peles e outros materiais para o corte, tendo en conta a relación entre a disposición de patróns e a optimización.
RA2 - Prepara máquinas, equipamentos e instrumentos de corte en confección, xustifica a secuencia de operacións e identifica os parámetros de funcionamento.
RA3 - Corta pezas tecidas, pel e outros materiais, e xustifica a técnica seleccionada en función do produto.
RA4 - Cumpre as normas de prevención de riscos laborais e ambientais no corte de pezas, e identifica os riscos asociados e as medidas de prevención.

2.2.2. Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos resultados de aprendizaxe por parte do alumnado

Criterios de avaliación do currículo
CA1.3 Analizáronse os sistemas para estender de tecido en relación ás características do material.
CA1.4 Distribuíronse os patróns consonte a súa marca de posición.
CA1.5 Efectuáronse marcaxes e calculouse o rendemento de cada unha ata obter a maior porcentaxe posible de aproveitamento.
CA2.1 Interpreouse a información necesaria para preparar o proceso de corte.
CA2.2 Realizáronse as operacións de montaxe e desmontaxe dos elementos operativos, así como a lubricación, o engraxamento e a limpeza das máquinas de corte.



Criterios de avaliación do currículo
CA2.3 Afiáronse os elementos cortantes segundo procedementos e normas.
CA2.4 Axustáronse os parámetros de corte en función do material que se vaia cortar.
CA2.5 Realizouse o mantemento de primeiro nivel das máquinas de corte e a súa ferramenta.
CA2.6 Realizouse a preparación e o mantemento con autonomía, orde, método, precisión e adecuación ao tipo de corte e de material.
CA2.7 Interpretoise a información técnica nas actividades de preparación.
CA3.1 Estendeuse o material para o corte de xeito que se eviten deformacións, dobras e tensións.
CA3.5 Verificouse a calidade dos compoñentes cortados.
CA3.6 Comproboise a correspondencia das pezas cortadas coas sinaladas na orde de produción.
CA3.7 Clasificáronse, etiquetáronse e empaquetáronse as pezas cortadas segundo a ficha técnica.
CA3.9 Elaborouse a documentación técnica (ordes, incidencias, produción, etc.).
CA4.2 Operouse coas máquinas de corte respectando as normas de seguridade.
CA4.7 Valorouse a orde e a limpeza das instalacións e dos equipamentos como primeiro factor de prevención de riscos.
CA4.8 Aplicáronse técnicas ergonómicas nas operacións de preparación e corte de tecidos, pel e outros materiais.
CA4.9 Clasificáronse os residuos xerados no proceso de corte.

3. Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

- Identificación de patróns.
- Elaboración de marcas con óptimo aproveitamento de tecido e correcta colocación de patróns industrializados.
- Extendido de tecidos.



- Linguaxe técnico, adecuado ás actividades, ó material máis ós útiles e ferramentas empregados na sección de corte.
- Realización de fichas de corte e de marcadas, así como a súa correcta interpretación.
- Interpretación das fichas para a realización do colchón.
- Precisión no corte de marcadas.
- Corte de distintos materiais.
- Utilización das medidas de seguridade.
- Aplicación, limpeza e conservación de máquinas e accesorios de corte.
- Etiquetado e empaquetado de pezas cortadas con destreza e orde.

A primeira parte da proba calificarase de cero a dez puntos. Para a súa superación as persoas candidatas deberán obter unha puntuación igual ou superior a cinco puntos na realización do exame teórico.

As persoas aspirantes que superaran a primeira parte da proba (parte teórica) poderán realizar a segunda, xa que esta, a parte teórica, ten carácter eliminatorio.

Para obter a cualificación positiva na segunda proba (parte práctica) exixirase unha valoración de alomenos 5 puntos sobre 10 na realización dos exercicios prácticos que sean plantexados no momento da proba.

A non utilización de medidas de seguridade cando sexa oportuno, suporá o cese inmediato da proba e o suspenso da mesma.

A cualificación final correspondente da proba de cada módulo profesional será a media aritmética das cualificacións obtidas en cada unha das partes, expresada con números enteiros, redondeada á unidade máis próxima.

No caso das persoas aspirantes que suspendan a segunda parte da proba, é dicir, que obteñan unha puntuación menor de 5 puntos na parte práctica, non se fará media das dúas partes. Polo tanto, é necesario obter alomenos un 5 en cada unha das partes, tanto teórica como práctica para poder aprobar.



4. Características da proba e instrumentos para o seu desenvolvemento

4.a) Primeira parte da proba

Proba teórica escrita que pode ser tipo test e/ou a desenrolar e/ou pregunta curta.

O tempo para a realización deste exercicio será de 90 min.

Será requisito imprescindible para realizar a proba teórica presentarse co seguinte material:

Bolígrafo azul ou negro

DNI.

4.b) Segunda parte da proba

O exame versará sobre a organización, estudo e trazado de marcadas, estendido, corte e preparación das pezas para a confección.

O tempo para a realización deste exercicio será de 3 horas

Será requisito imprescindible para realizar a proba práctica presentarse co seguinte material:

Bolígrafo azul, ou negro, lapis, borrador

Tesoiras

Tesoiras para papel

Escalímetro

Xiz de xastre

Plantillas curvas

DNI